

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – MÚSICA

Decreto 86/2015, do 25 de xuño da **LOMCE**

**2º, 3º e 4º ESO**  
**1º e 2º BACH**  
**2º BACH Adultos**

**Juan Ramón Gago Olveira**  
**María de la Purificación R. López**  
**Ofelia Rodríguez Malga**

**IES N° 1 - RIBEIRA**

**Curso 2016/2017**

GUIÓN:	Páxina
1. LEXISLACIÓN VIXENTE.....	3
2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3-5
3. CONTRIBUCIÓN DA EDUCACIÓN MUSICAL Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	6-7
4. OBXECTIVOS LOMCE PARA A ESO E PARA BACH.....	8-10
5. CONTIDOS POR CURSOS .....	10-22
6. TEMPORALIZACIÓN.....	23-25
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN NA ESO EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS .....	25-27
8. CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.....	28-31
9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	31-49
10. ESTANDARES DE APRENDIZAXE.....	49-62
11. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL (NA ESO).....	63
12. METODOLOXÍA .....	63-64
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	64
14. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES .....	64-66
15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	66
16. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC .....	66
17. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.....	67
18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	67
19. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN .....	67
20. PLAN DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES .....	68
21. MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.....	68
22. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN O ALUMNADO.....	68-69

## 1. LEXISLACIÓN VIXENTE

Dende o curso académico 2008/2009, implántanse as ensinanzas correspondentes a 2º e 4º da Educación Secundaria Obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia reguladas pola LOE. Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. O mencionado decreto aplicouse o curso 2007/2008 a 1º e 3º da ESO. O Currículum de BACH sigue o Real Decreto 1467/2007.

Nova Lexislación. LOMCE. Aplícase o decreto 86/2015 do 25 de xuño para os cursos de 3º ESO (Música) e 1º BACH (Linguaxe e Práctica Musical). Neste curso 16/17 aplícase tamén para 2º ESO, 4º ESO e 2º BACH.

Elimínouse a Linguaxe e Práctica Musical en 1º BACH-Adultos xa no curso 15/16

## 2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente Programación Didáctica está deseñada para o IES Nº 1 de Ribeira e para ser levada a cabo durante o curso académico 2016/2017. Vai dirixida a alumnos de 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º e 2º BACH e 2º BACH-Adultos procedentes de familias de niveles sociais medio e medio-baixo maioritariamente.

O Departamento de Música está formado por tres profesores:

- **Juan Ramón Gago Olveira.** Xefe do Departamento. Imparte clases de Música en un grupo de 4º ESO (3 horas en total), un grupo de 1º BACH (3 horas en total) e en dous grupos de 2º BACH (6 horas en total). Ademais de Valores Éticos en tres grupos de 4º ESO, (3 horas en total). Total horas: 15
- **María de la Purificación Rodríguez López.** Imparte clases de Música en 3 cursos de 2º ESO (6 horas en total) e completa o seu horario con PCL 1º e 2º ESO (6h.); VE 1º e 2º ESO (6 h.). Total horas: 18. E titora de 2º ESO C.
- **Ofelia Rodríguez Malga.** Imparte clases en 3 grupos de 3º ESO (6 horas en total), un 4º ESO (3 horas), un 2º BACH-Ad. (3 horas). AmCi (6 horas). Total horas: 18. E titora de 3º ESO C.

- A hora asignada ó Departamento é os **mércores de 10:40 a 11:30** e adícase a comprobar o desenvolvemento da programación elaborada a principios de curso, para detectar posibles problemas nela, introducir modificacións que se consideren necesarias en situacións concretas co fin de millorar o proceso de ensino-aprendizaxe e tamén organizar cantos aspectos teñan relación co departamento como por exemplo a dotación de material, actividades complementarias, concursos para os alumnos, etc.

Na seguinte táboa recóllense os grupos de música e o número de alumnos en cada un deles para o curso 16/17 así como datos estadísticos dende o 2011/12

CURSO	Nº de matriculados Música 2011/2012	Nº de matriculados Música 2012/2013	Nº de matriculados Música 2013/2014	Nº de matriculados Música 2014/2015	Nº de matriculados Música 2015/2016	Nº de matriculados Música 2016/2017
2º A ESO	27 (Purecha)	25 (Purecha)	25 (Purecha)	28 (Purecha)	24 (Purecha)	29 (Purecha)
2º B ESO	27 (Purecha)	27 (Purecha)	23 (Purecha)	28 (Purecha)	24 (Purecha)	30 (Purecha)
2º C ESO	28 (Purecha)	27 (Purecha)	24 (Purecha)	29 (Purecha)	26 (Purecha)	29 (Purecha)
3º A ESO	22 (Ana)	28 (Marta)	27 (Manuel)	27 (Manuel)	30 (Judit)	25 (Ofelia)
3º B ESO	23 (Ana)	26 (Marta)	30 (Manuel)	26 (Manuel)	30 (Judit)	28 (Ofelia)
3º C ESO	21 (Ana)	30 (Marta)	28 (Manuel)	18 (Manuel)	30 (Judit)	27 (Ofelia)
4º ESO MUS 1	21 (9 de PDC) (Juan)	24 (10 son de PDC) (Juan)	35 (18 son de PDC) (Juan)	27(6 son de PDC) (Juan)	12 (sen PDC) (Juan)	10 (Juan)
4º ESO MUS 2	10 (Juan)	27 (4 son de PDC) Juan)	-	14 (6 son de PDC) (Juan)	16 (6 son de PDC) (Juan)	21 (Ofelia)
1º BACH	6 (Juan)	17 (Juan)	19 (Juan)	9 (Juan)	27 (Juan)	22 (Juan)
2º BACH	10 (Juan)	20 (Juan)	19 (Juan)	30 (Juan)	16 (Juan)	30+23=53 (Juan)
1º BACH Ad.	20 (Ana)	13 (Marta)	14 (Manuel)	10 (Manuel)	-	-
2º BACH Ad.	12 (Ana)	6 (Marta)	24 (Manuel)	22 (Manuel)	23 (Judit)	11 (Ofelia)
<b>Total matriculados en Música</b>	<b>227</b>	<b>270</b>	<b>268</b>	<b>268</b>	<b>258</b>	<b>285</b>

### 3. CONTRIBUCIÓN DA EDUCACIÓN MUSICAL Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS NA ESO

A materia de Música contribúe de forma directa á adquisición da **competencia cultural e artística** en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas e expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así mesmo, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto ás distintas manifestacións musicais, para establecer conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico aos que se circunscribe cada obra.

A orientación desta materia, na que a expresión xoga un papel importante, permite adquirir habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación, a improvisación e a composición, tanto individual como colectiva, que á súa vez estimulan a imaxinación e a creatividade. Por outra banda, unha mellor comprensión do feito musical favorece considerala como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Colabora ao desenvolvemento da **competencia de autonomía e iniciativa persoal**, mediante o traballo de colaboración ao que antes nos referimos e á habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e da toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra parte, naquelas actividades relacionadas en especial coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, factores clave para a adquisición desta competencia.

A área de Música contribúe tamén á **competencia social e cidadá**. A participación en actividades musicais de distinta índole, especialmente as referidas á interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo, colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias musicais colectivas dá a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas dos outros integrantes do grupo e responsabilizarse na consecución dun resultado.

A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa achega ao progreso da humanidade e con iso á valoración dos demais e aos trazos da sociedade en que se vive.

A área de Música tamén contribúe de xeito directo ao **desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital**. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de ocio. Ademais a obtención de información musical necesita de destrezas relacionadas co tratamento da información aínda que dende esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

A área de Música tamén contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender**, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria ao tempo que desenvolve o sentido da orde e da análise. Por unha parte, a audición musical esixe unha escoita reiterada para chegar a coñecer unha obra, recoñecela, identificar os seus elementos e "apropiarse" desta. Por outra, todas aquelas actividades de interpretación musical e de adestramento auditivo requiren da toma de conciencia sobre as propias posibilidades, a utilización de distintas estratexias de aprendizaxe, a xestión e control eficaz dos propios procesos. En todos estes casos, é imprescindible unha motivación prolongada para alcanzar os obxectivos propostos dende a autoconfianza no éxito da propia aprendizaxe.

Respecto á **competencia en comunicación lingüística**, a área da Música contribúe, ao igual que outras materias, a enriquecer os intercambios comunicativos e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén axuda a integrar a linguaxe musical e a linguaxe verbal e a valorar o enriquecemento da devandita interacción.

Dende o punto de vista da **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**, a área de Música contribúe á mellora da calidade do medio ambiente identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ademais os contidos relacionados co uso correcto da voz e do aparato respiratorio, non só son útiles para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde e para axudar a incidir no desenvolvemento desta competencia.

**4. OBXECTIVOS LOMCE PARA A ESO E PARA BACH****2º ESO, 3º ESO, 4º ESO. LOMCE**

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o



desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora. n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito. o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **1º BACH, 2º BACH, 2º BACH ADULTOS-LOMCE**

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 5. CONTIDOS

### 2º ESO-LOMCE

Segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño da **LOMCE**, son 4 bloques de contidos: interpretación e creación, escoita, contextos musicais e culturais, Música e tecnoloxías.

#### **Bloque 1. Interpretación e creación.**

1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical
2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.
3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.
4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.
5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.
7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.
8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.

9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.
10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.
13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.
14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.
15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.
16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.

## **Bloque 2. escoita**

1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.
2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.
3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.
4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.
5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.
6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.
7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

## **Bloque 3. Contextos musicais e culturais.**

1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.
3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.
4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.
5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.
6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.
7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo.

#### **Bloque 4. Música e tecnoloxías.**

1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.
2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.
4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.
5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.
6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

### **3º ESO - LOMCE**

Seguindo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño da **LOMCE**, son 4 bloques de contidos: interpretación e creación, escoita, contextos musicais e culturais, Música e tecnoloxías.

#### **Bloque 1. Interpretación e creación.**

1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical
2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.

3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.
4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.
5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.
7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.
8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.
9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.
10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.
13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.
14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.
15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.
16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.

## **Bloque 2. escoita.**

1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.
2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.
3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.

4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.
5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.
6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.
7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

### **Bloque 3. Contextos musicais e culturais.**

1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.
3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.
4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.
5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.
6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.
7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo.

### **Bloque 4. Música e tecnoloxías.**

1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.
2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.
4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.
5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.
6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

Seguindo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño da **LOMCE**, son 4 bloques de contidos: interpretación e creación, escoita, contextos musicais e culturais, Música e tecnoloxías.

### **Bloque 1. Interpretación e creación**

1. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza.
2. Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.
3. Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.
4. Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical.
5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais.
6. Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades no traballo dos/das músicos/as.
7. Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.

### **Bloque 2. Escoita**

1. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.
2. A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
3. Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.
4. Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.
5. Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical.
6. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais.
7. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.

### **Bloque 3. Contextos musicais e culturais.**

1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego.

2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.
3. Manifestacións musicais doutras culturas.
4. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
5. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.
6. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana.
7. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.
8. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

#### **Bloque 4. Música e tecnoloxías**

1. Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores.
2. Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.
3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical.
4. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
5. Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc.
6. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.
7. Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.

### **1º BACH-LINGUAXE E PRÁCTICA INSTRUMENTAL- LOMCE**

Segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño da **LOMCE**, son 5 bloques de contidos: Destrezas musicais, A audición comprensiva, A teoría musical, A creación e a interpretación, As tecnoloxías aplicadas o son.

#### **Bloque 1. Destrezas musicais**

1. Utilización da voz, individual ou colectivamente, partindo do coñecemento do aparello fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e a afinación.



2. Interpretación vocal atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical.
3. Entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos, harmónicos, arpejos ou acordes.
4. Interiorización do pulso.
5. Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus ataques.
6. Práctica da lectura articulada e da escritura tanto melódica como harmónica nas claves de sol e fa en cuarta, e da escritura tanto melódica como harmónica.
7. Práctica de lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico.
8. Práctica da lectura de obras musicais utilizando partituras.

## **Bloque 2. A audición comprensiva**

1. Percepción e identificación do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios.
2. Percepción, identificación e transcripción de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario ou ternario.
3. Percepción, identificación e transcripción de signos que modifican a duración, síncope, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción, etc.
4. Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo.
5. Percepción, identificación auditiva e transcripción das escalas, funcións tonais-acordes maiores e menores, acordes de sétima dominante e de sétima diminuída, cadencias e os modos e intervalos fóra do concepto tonal.
6. Recoñecemento comprensivo das texturas musicais e dos timbres instrumentais nas obras escoitadas ou interpretadas.
7. Recoñecemento auditivo e transcripción dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.
8. Reprodución vocal memorizada dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.
9. Identificación de erros ou as diferenzas entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado.
10. Transcripción de esquemas harmónicos das obras escoitadas.

## **Bloque 3. A teoría musical**

1. Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, os grupos de valoración especial contidos en un e varios pulsos, etc.
2. Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agónica, á articulación musical e ao ataque dos sons.
3. Aproximación ás grafías contemporáneas.
4. Coñecemento das normas de escritura melódica.
5. Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais.
6. Coñecemento e comprensión de escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación.
7. Coñecemento dos principais sistemas de cifraxa harmónica.
8. Coñecemento da ornamentación musical.
9. Comprensión do efecto que producen na música os sons da ornamentación e intensificación expresiva.
10. Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre si.

#### **Bloque 4. A creación e a interpretación**

1. Realización vocal ou instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario ou ternario e as súas variantes.
2. Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves melodías.
3. Utilización das escalas e acordes máis habituais no sistema modal e tonal.
4. Interpretación memorizada de obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento.
5. Achegamento aos procesos compositivos máis habituais.
6. Utilización da expresión corporal e o movemento corporal como complemento ao feito musical.
7. Desenvolvemento da lateralidade a través da realización simultánea de diferentes ritmos básicos
8. Participación activa na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.
9. Participación na organización e na realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas das demais persoas.

#### **Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son**

1. Fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio; serie de Fourier.

2. Características acústicas dos instrumentos: instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son.
3. Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporcións asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón.
4. Transmisión e amortecemento do son.
5. Sinal analóxico e sinal dixital. Dixitalización do son analóxico.
6. Síntese do son: mostraxe (samplers), filtros de frecuencias e multipistas.
7. Hardware musical: computadores, tarxetas de son e conexións.
8. Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas.
9. Práctica dos sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicación MIDI en interpretacións ou creacións propias.
10. Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.
11. Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes.

## **2º BACH-HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA-LOMCE**

### **Bloque 1. Percepción, análise e documentación**

1. escoita, visión e análise de obras de música e danza representativas de cada período, procedentes doutras culturas o de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características formais, estéticas e estilísticas.
2. A obra artística no seu contexto histórico.
3. Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra.
4. Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crearon, e seleccionando información procedente de diversas fontes sobre autorías e obras.
5. Lectura e comentario crítico de textos literarios-musicais e relativos á danza.
6. Estudo da música e da danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática.
7. Documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras.
8. Elaboración de argumentacións e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, sobre obras e textos relacionados coa música ou a danza, coas correntes estéticas ou cos autores e as autoras.

**Bloque 2. A música e a danza da Antigüidade á Idade Media**

1. Música sacra. Canto gregoriano: características, orixe e evolución. Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Código Calixtino.
2. Música profana: xogares e goliardos.
3. Instrumentos medievais.
4. A danza na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia e Persia, pobo hebreo e Creta.
5. A danza na Antigüidade clásica. Danzas teatrais en Roma e Grecia. Traxedia grega.
6. A danza na Idade Media. Danza e Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra.
7. Fontes iconográficas. Iconografía pétrea en Galicia e códigos afonsinos.
8. Lírica galaico-portuguesa. Afonso X o Sabio.
9. Contexto histórico, social e cultural no que se desenvolveron a música e a danza na Antigüidade e na Idade Media.

**Bloque 3. O Renacemento**

1. Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa.
2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas.
3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria.
4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo.
5. Danzas de corte: tipos e características.
6. Nacemento e evolución do Ballet de Corte.
7. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas.
8. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria
9. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo.

**Bloque 4. O Barroco**

1. Música no Barroco: características, periodización e escolas.
2. Nacemento da ópera. Ópera seria e ópera bufa.
3. Música e relixión: cantata, oratorio e paixón.
4. Formas instrumentais: orixe, características e evolución.
5. Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca.
6. Ópera Ballet, Comedia Ballet e outros xéneros no Barroco.

7. Real Academia de Danza en París. Chegada do profesionalismo á danza.
8. Música barroca en España. Música vocal sacra e profana. Teatro musical: ópera e zarzuela. Música instrumental. Música nas catedrais galegas.
9. Principais compositores e compositoras. Función social da persoa compositora.
10. Danzas cortesás do Barroco. Ballet de Luís XIV. Música escénica.

### **Bloque 5. O Clasicismo**

1. Estilo Galante e Escola de Mannheim.
2. Formas instrumentais: orixe, características e evolución.
3. Música sinfónica e de cámara. Música vocal: reforma de Gluck. Ópera bufa e ópera seria.
4. Principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven.
5. Organoloxía: o piano e o cuarteto de corda; evolución da orquestra.
6. Ballet de acción. Noverre e outros reformadores. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Innovacións da posta en escena.
7. Clasicismo en España.

### **Bloque 6. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo**

1. Romanticismo.
  - Orquestra romántica. Formas sinfónicas. Sinfonía, concerto e música programática.
  - piano romántico. Música de cámara.
  - Ópera. Tendencias. Evolución da ópera como espectáculo. Verismo.
  - Lied. Composición no Romanticismo e no Posromanticismo.
2. Orixe e significado dos nacionalismos musicais: escolas e estilos. Figuras representativas da composición.
3. Rexurdimento musical en Galicia: música instrumental e vocal.
4. Ballet romántico: xénese e desenvolvemento; principais obras e figuras.
5. Período posromántico no ballet. Principais obras e figuras do ballet imperial ruso.
6. Danza española. Orixe e consolidación das distintas vertentes: folclore, escola bolera, flamenco e danza estilizada.
7. Música na España do século XIX. Zarzuela. Música galega: principais compositores.
8. Influencia da literatura na música.

### **Bloque 7. Primeiras tendencias modernas**

1. Impresionismo: características musicais e figuras representativas.

2. Segunda Escola de Viena: Do Posromanticismo ao Dodecafonismo: composición e técnicas.
3. Neoclasicismo. Representantes principais da composición. Stravinski.
4. Teatro musical europeo e americano a comezos do século XX.
5. Orixe e desenvolvemento da música de jazz.
6. Concepcións da orquestra no século XX.
7. Ballets rusos. Diaghiliev (coreógrafos, compositores e escenógrafos). Danza moderna
8. Novas linguaxes no século XX. O século dos ismos: Surrealismo, Expresionismo, etc.
9. Desenvolvemento da danza moderna nas primeiras décadas do século XX.
10. Música en España na primeira metade do século. Falla e a Xeración do 98. Xeración da República.
11. Música galega. Figuras representativas galegas na diáspora.

### **Bloque 8. Música e Danza na segunda metade do século XX.**

1. Serialismo Integral.
2. Vanguardas. Indeterminación e aleatoriedade. Novas grafías. Música electroacústica e música concreta.
3. Postserialismo.
4. Música de vangarda española: Xeración do 51. Música galega. Autores/as contemporáneos/as.
5. Música e danza popular moderna: jazz, pop e rock.
6. Danza contemporánea. Evolución e expansión na segunda metade do século XX.
7. Cante e baile flamenco.
8. Música e danza popular galega
9. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine.
10. Novos instrumentos. Novas tecnoloxías aplicadas á música.

### **Bloque 9. A música tradicional no mundo.**

1. Danza e música exótica, étnica, folclórica e popular. Música e danza popular galega.
2. Función social da música e a danza: ritos, tradicións e festas.
3. Características da música e da danza: ritmo, melodía, morfoloxía, estilos de canto, texturas, pasos, disposicións e movementos.
4. Organoloxía. Introducción aos instrumentos tradicionais. O instrumento

musical como obxecto etnográfico.

## 6. TEMPORALIZACIÓN

### 2º ESO

Sabendo que neste curso comezan as clases o 19 de setembro e finalizan o 23 de xuño, contando coas vacacións e festivos correspondentes (Nadal, Antroido, Semana Santa,...), e impartíndose 2 sesións semanais de 50 minutos, temos un total de 63 sesións ó longo do curso. Repartíndose estas en 9 Unidades Didácticas, as cales desenvólense:

1º Trimestre: (25 sesións)	2º Trimestre: (24 sesións).	3º Trimestre: (14 sesións).
-Presentación: 1 sesión.	U.D.4.: 7 sesións.	U.D.7.: 4 sesións.
-U.D.1.: 7 sesións.	U.D.5.: 7 sesións.	U.D.8.: 4 sesións.
-U.D.2.: 6 sesións.	U.D.6.: 6 sesións.	U.D.9.: 4 sesións.
-U.D.3.: 6 sesións.	Repaso: 1 sesión.	Repaso: 1 sesión.
-Repaso: 2 sesións.	Avaliación: 2 sesións.	Aval.:1 sesións.
-Avaliación: 2 sesións.	Outros: 1 sesión.	Outros: 0 sesións.
-Outros: 2 sesións.		

A división das unidades didácticas, como toda a programación, está suxeita a posibles modificacións, xa que partimos dun currículo aberto e flexible tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

### 3º ESO

A programación para 3º ESO está formada por 9 unidades didácticas

Nº de sesións por semana no grupo: 2. En total están previstas para este curso unhas 63 sesións, que se reparten da seguinte maneira:

1ª Avaliación sobre 25 sesións. Vanse desenrolar as U.D. nº 1 e 2 e 3

2ª Avaliación sobre 24 sesións. Vanse desenrolar as U.D. nº 4 e 5 e 6

3ª Avaliación sobre 14 sesións. Vanse desenrolar as U.D. nº 7 e 8 e 9

Duración estimada de cada U.D.:

Nº 1 - 8 sesións, Nº 2 - 8 sesións, Nº 3 - 9 sesións, Nº 4 - 8 sesións, Nº 5 - 8 sesións, Nº 6 - 8 sesións, Nº 7 - 4 sesións, Nº 8 - 5 sesións, Nº 9 - 5 sesións

## **4º ESO**

A programación para 4º ESO está formada por 8 unidades didácticas

Nº de sesións por semana no grupo: 3. En total están previstas para este curso unhas 100 sesións, que se reparten da seguinte maneira:

1ª Avaliación sobre 37 sesións. Vanse desenrolar as U.D. nº 1, 2, 3

2ª Avaliación sobre 36 sesións. Vanse desenrolar as U.D. nº 4, 5 e 6

3ª Avaliación sobre 27 sesións. Vanse desenrolar as U.D. nº 7 e 8

Duración estimada de cada U.D.:

Nº 1 - 12 sesións, Nº 2 - 10 sesións, Nº 3 - 15 sesións, Nº 4 - 12 sesións, Nº 5 - 12 sesións, Nº 6 - 12 sesións, Nº 7 - 14 sesións, Nº 8 - 13 sesións

## **1º BACH**

A programación para 1º BACH está formada por 9 unidades didácticas

Nº de sesións por semana no grupo: 3. En total están previstas para este curso unhas 102 sesións, que se reparten da seguinte maneira:

1ª Avaliación sobre 37 sesións, 2ª Avaliación sobre 36 sesións, 3ª Avaliación sobre 27 sesións

Duración estimada de cada U.D.:

Nº 1 - 11 sesións (1ª avaliación) Organoloxía

Nº 2 - 21 sesións (repartida entre as tres avaliacións) Ritmo e percusión corporal

Nº 3 - 6 sesións (1ª avaliación) A Voz e o Oído

Nº 4 - 15 sesións (repartida entre a 1ª e 2ª avaliación) A Ópera

Nº 5 - 15 sesións (repartida entre as tres avaliacións) Práctica instrumental

Nº 6 - 8 sesións (3ª avaliación) Beethoven

Nº 7 - 15 sesións (2ª avaliación) Historia da Música

Nº 8 - 5 sesións (3ª avaliación) O Jazz

Nº 9 - 6 sesións (3ª avaliación) O son grabado e as novas tecnoloxías

Na primeira avaliación vanse desenrolar as U.D. nº 1, 2, 3, 4 e 5

Na segunda avaliación vanse desenrolar as U.D. nº 2, 5, 4 e 7

Na terceira avaliación vanse desenrolar as U.D. nº 2, 5, 6, 8, e 9



## 2º BACH e 2º BACH ADULTOS

A programación para 2º BACH está formada por 6 unidades didácticas

Nº de sesións por semana no grupo: 3. En total están previstas para este curso unhas 102 sesións, que se reparten da seguinte maneira: 1ª Avaliación sobre 39 sesións, 2ª Avaliación sobre 36 sesións, 3ª Avaliación sobre 27 sesións. A duración estimada de cada U.D é de 17 horas

Na primeira avaliación vanse desenrolar as U.D. nº 1, 2 (Idade media e Renacemento). Na segunda avaliación vanse desenrolar as U.D. nº 3 e 4 (Barroco e Clasicismo). Na terceira avaliación vanse desenrolar as U.D. nº 5 e 6 (XIX e XX)

## 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN NA ESO EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

### **Competencia en comunicación lingüística.**

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como instrumento de comunicación de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádase nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.

Moitos dos contidos da materia trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtulado, trabállase tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.

**Competencia matemática.**

Esta competencia desenvólvese en música basicamente a través de dúas canles: por unha banda, a métrica, que vén artellada polas relacións de divisibilidade e proporcionalidade entre figuras (as figuras son representacións gráficas de duracións de diversas magnitude e a construción rítmica precisa da capacidade para solventar problemas aritméticos con fraccións), e, por outra banda, a medida da altura, a través das unidades ton e semitón, tendo que utilizar nesta materia de xeito constante o cálculo mental para obter resultados sinxelos de forma exacta.

Desta forma se manexan os elementos matemáticos básicos en situacións procedentes doutros campos de coñecemento, neste caso, do eido musical.

**Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.**

Mediante a execución de danzas e coreografías, conformadas a través de combinacións de movementos de distintos segmentos corporais con desprazamentos seguindo unha secuencia rítmica, actívase esta competencia. A meirande parte das danzas executadas son, ademais, colectivas, co que á parte de incrementar a calidade de vida dos individuos, melloran as relacións interpersoais.

Analizando o funcionamento da industria discográfica, incrementando o coñecemento dos elementos musicais e ampliando o repertorio de obras e cancións, trabállase tamén esta competencia, pois os alumnos aprenden a analizar a realidade, as mensaxes informativas e publicitarias e desenvolven un espírito crítico que os fará consumidores racionais e responsables na vida cotiá.

A aprendizaxe dos correctos hábitos de saúde auditiva e vocal e o estudo do contorno acústico son parte desta competencia básica, relacionada co coidado do ambiente, e coa protección da saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

**Tratamento da información e competencia dixital.**

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, á parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.

**Competencia social e cidadá.**

Escoitando, tocando, cantando e analizando músicas de diversas culturas os alumnos e alumnas aprenden valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e gozan co enriquecemento que supón o

acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é máis plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática.

As manifestacións culturais actuais -e entre elas, as musicais- proceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión dos alumnos e alumnas, e favorece o desenvolvemento do sentimento de cidadanía global.

Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas os alumnos e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que esixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática.

### **Competencia cultural e artística.**

A través da escoita e interpretación de pezas musicais os alumnos e alumnas aprenden a achegarse, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.

Por unha banda, durante a escoita, desenvolven a habilidade para apreciar e gozar coa arte, enriquecéndose con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura, pero, por outra banda, mediante actividades de composición e interpretación de pezas musicais, porán en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse a través de códigos artísticos e, na medida en que algunhas actividades culturais e artísticas supoñen en moitas ocasións un traballo colectivo, cómpre dispoñer de habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final.

### **Competencia para aprender a aprender.**

Esencialmente a aprendizaxe de calquera instrumento musical desenvolve actitudes de autosuperación e autodisciplina, implicando a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou eficacia persoal. Por todo isto, consideramos que os alumnos e alumnas estudando música aprenden a aprender.

### **Autonomía e iniciativa persoal.**

Aprendendo a ler e interpretar partituras, aprendendo a diferenciar estilos e parámetros musicais en audicións, aprendendo a compoñer e/ou arranxar pezas musicais, aprendendo a coordinarse nas interpretacións colectivas e nos traballos de investigación en grupo nos que cómpre facer repartos de tarefas, os alumnos e alumnas traballan as capacidades necesarias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

## 8. CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

### 2º ESO

Para superar a materia é imprescindible acadar os seguintes contidos mínimos:

- Recoñecemento e definición dos parámetros do son: altura, intensidade, duración e timbre.
- Representación na partitura da altura e da duración.
- Utilización dos termos da intensidade.
- As funcións das claves. Lectura en clave de sol.
- A medida do son: o pulso, o acento e o compás.
- Realización de actividades de medida.
- Realización de esquemas rítmicos básicos.
- Os signos de prolongación.
- Os compases simples de dous, tres e catro tempos.
- Os signos de repetición.
- As escalas musicais. Os grados da escala.
- As teclas do piano; o ton e o semitón.
- As alteracións do son: sostenido, becuadro e bemol.
- Os tipos de intervalo: ascend-descend., melódicos-harmónicos, simples-compostos.
- As distintas seccións da orquestra. Recoñecemento visual dos instrumentos da orquestra.
- A voz humana; tipos e agrupacións vocais.
- Os instrumentos do folclore galego.
- A textura musical. Definición e tipos
- Entregar as actividades propostas para cada unidade didáctica nun **cuaderno** correctamente organizado e presentado
- Manter os principios de **educación e respecto** hacia os compañeiros, o profesor e os materiais da aula
- Manter unha **actitude silenciosa e correcta durante as audiciones**, nas actividades de canto e na interpretación instrumental acadando un resultado óptimo

**3º ESO**

Para superar a materia é imprescindible acadar os seguintes contidos mínimos:

- As catro variables máis significativas dos sons.
- As voces masculinas, femeninas e de nenos e diferenciais pola súa altura.
- O coñecemento visual e auditivo dos instrumentos da orquestra.
- Os instrumentos populares galegos.
- As plicas, figuras e silencios, anacruse, signos de repetición, liñas adicionais, signos de repetición, signos de prolongación, síncopa, alteracións, intervalo, as escalas / graos.
- As representacións iconográficas dos instrumentos mediavais.
- A orden cronolóxica dos distintos períodos musicais
- As características básicas do canto gregoriano e da música profana da Idade Media
- Exercitación de creacións rítmicas.
- Tocar en grupo unha peza sinxela
- Respecto e atención ás explicacións do profesor/a.
- Desenvolvemento da capacidade de escoita cara aos demais e cara a un mesmo.
- Participación con interese e creatividade nas distintas actividades individuais ou colectivas.
- Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo
- O respecto e coidade dos materiais da aula
- Entregar as actividades propostas para cada unidade didáctica nun **cuaderno** correctamente organizado e presentado
- Entregar as actividades propostas para cada unidade didáctica nun **cuaderno** correctamente organizado e presentado
- Manter os principios de **educación e respecto** hacia os compañeiros, o profesor e os materiais da aula
- Manter unha **actitude silenciosa e correcta durante as audicións**, nas actividades de canto e na interpretación instrumental acadando un resultado óptimo

**4º ESO**

Para superar a materia é imprescindible acadar os seguintes contidos mínimos:

- Saber ordenar por orden cronolóxico os distintos períodos musicais
- As características do canto gregoriano e da música trovadoresca
- O análise musical a través da audición de diferentes obras musicais dunha obra clásica e doutra popular actual

- A definición das principais formas musicais: concerto, fuga, sonata, suite, sinfonía, lied, rondó, zarzuela, ópera, etc.
- Os rasgos estilísticos relevantes dos períodos musicais
- Ser capaces de interpretar unha peza instrumental con instrumentos da aula e outra vocal
- A definición de Jazz. Historia e características principais. Organoloxía.
- Definición de música popular, tradicional e culta
- Os instrumentos de teclado. O clavicémbalo, o piano, o teclado electrónico e o órgano de tubos. Definición e funcionamento
- As funcións da música no cine. A banda sonora
- Coñecer os compases básicos e ser capaces de compondor e executar exercicios rítmicos en cada un destes compases
- Entregar as actividades propostas para cada unidade didáctica nun **cuaderno** correctamente organizado e presentado
- Manter os principios de **educación e respecto** hacia os compañeiros, o profesor e os materiais da aula
- Manter unha **actitude silenciosa e correcta durante as audiciones**, nas actividades de canto e na interpretación instrumental acadando un resultado óptimo

## 1º BACH

Para superar a materia é imprescindible acadar os seguintes contidos mínimos:

- Recoñecer visual e tímbricamente os instrumentos da orquestra clásica e coñecer o seu funcionamento físico e mecánico
- Coñecer a clasificación das voces humanas e identificar os seus timbres
- Ser capaces de interpretar unha peza instrumental con instrumentos da aula e outra vocal
- Coñecer os compases básicos e ser capaces de compondor e executar exercicios rítmicos en cada un destes compases
- Ser capaces de improvisar musicalmente por medio do ritmo
- Saber coordinar diferentes ritmos empreñando as mans e os pés
- Coñecer as distintas voces e partes do oído.
- Coñecer as distintas partes dunha ópera e as principais óperas de Mozart e Verdi
- Saber ordenar por orden cronolóxico os distintos períodos musicais
- Coñecer os principais compositores dos distintos períodos históricos e a súa nacionalidade.

Entregar as actividades propostas para cada unidade didáctica nun **cuaderno** correctamente organizado e presentado

Manter os principios de **educación e respecto** hacia os compañeiros, o profesor e os materiais da aula

Manter unha **actitude silenciosa e correcta durante as audiciones**, nas actividades de canto e na interpretación instrumental acadando un resultado óptimo

## 2º BACH e 2º BACH ADULTOS

Para superar a materia é imprescindible acadar os seguintes contidos mínimos:

- Coñecer a clasificación dos instrumentos e a evolución da orquestra.
- Recoñecer visual e tímbricamente os instrumentos da orquestra clásica e coñecer o seu funcionamento físico e mecánico
- Coñecer a clasificación das voces humanas e identificar os seus timbres
- Ser capaces de interpretar unha peza instrumental con instrumentos da aula e outra vocal
- Coñecer os compases básicos e ser capaces de compoñer e executar exercicios rítmicos en cada un destes compases
- Ser capaces de improvisar musicalmente por medio do ritmo
- Saber coordinar diferentes ritmos empreñando as mans e os pés
- Coñecer as distintas voces e partes do oído.
- Coñecer as distintas partes dunha ópera e as principais óperas de Mozart e Verdi
- Saber ordenar por orden cronolóxico os distintos períodos musicais
- Coñecer os principais compositores dos distintos períodos históricos e a súa nacionalidade.

Entregar as actividades propostas para cada unidade didáctica nun **cuaderno** correctamente organizado e presentado

Manter os principios de **educación e respecto** hacia os compañeiros, o profesor e os materiais da aula

Manter unha **actitude silenciosa e correcta durante as audiciones**, nas actividades de canto e na interpretación instrumental acadando un resultado óptimo

## 9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

### 2º ESO - LOMCE

#### 9.1. Criterios de avaliación - LOMCE

##### Bloque 1. Interpretación e creación

1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.

2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeras.
6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.

## **Bloque 2. escoita**

1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.
2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.
3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.
4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.
5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.

## **Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.



2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.
3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.
4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música".
5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores.

#### **Bloque 4. Música e tecnoloxías**

1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.
2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

#### **9.2. Sistema de Cualificación.**

Por acordo do Departamento de Música do noso centro teranse en conta, a nivel porcentual, o seguinte sistema de cualificación:

Contidos Conceptuais: 50%	Contidos Procedimentais: 40%	Contidos Actitudinais: 10%
------------------------------	---------------------------------	-------------------------------

#### **9.3. Sistema de avaliación.**

Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente:

- A observación directa das aptitudes e actitudes, tanto individuais como grupais, e das actividades feitas na clase.
- Tarefas e exercicios de diversa índole, aportándonos datos para avaliar e calificar con maior exactitude en cada un dos alumnos.
- Exames e probas orais e escritas.

#### 9.4. Criterios de Corrección.

Para determinar a puntuación lograda en cada apartado das probas/accións avaliativas basearémolos nos seguintes criterios de corrección:

CONCEPTUAIS 50 %	PROCEDIMENTAIS 40 %	ACTITUDINAIS 10 %
-Un examen que puntúa un máximo de 5 puntos na avaliación	- 4 Probas que contan cada unha un punto.  (Serán probas de ritmo, de percusión corporal, probas con instrumentos ou ca voz)	-Mostrar coidado hacia o material da clase -Respecto os compañeiros e ó profesor -Asistencia a clase e puntualidade -Actitude correcta durante as audicións e demais actividades de aula -Entregar as actividades e traballos e o material persoal no prazo establecido.  O non cumprimento de algún destes aspectos suporá unha nota de 0 nos contidos actitudinais

#### 9.5. Sistema de recuperación das partes suspensas.

- Ó ser unha avaliación continua só para os contidos procedimentais e actitudinais, as partes suspensas (referidas a aqueles dous tipos de contidos de cada avaliación) recuperarase aprobando a avaliación seguinte.
- Os alumnos terán que acadar un mínimo dun 3 nos contidos conceptuais en cada avaliación para facer media cos demais contidos e poder así

aprobar a avaliación. Os contidos conceptuais nos que non se acade un mínimo dun 3 teranse que repetir en xuño na recuperación.

- Os alumnos que non superen a área en xuño, terán:
  - Proba en setembro: terán que entregar un par de traballos valorándose cun 10% cada un, conforme os criterios de corrección xa nombrados; traer un caderno de actividades obligatorio valorándoo cun 30%, si non o trae feito non poderá presentarse ó exame e quedará suspenso (o caderno daráselles en xuño), e facer un exame escrito da parte de teoría, valorándoo cun 50% (con dez preguntas, dándosele un valor de 5% a cada unha). Non haberá proba práctica nesta convocatoria.
  - Si suspende en setembro poderá recuperar para o ano seguinte según se estipule na programación do seguinte ano.

## **3º ESO - LOMCE**

### **9.1. Criterios de avaliación - LOMCE**

#### **Bloque 1. Interpretación e creación**

1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.
3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.
4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
5. Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeras.
6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.
7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.

**Bloque 2. escoita**

1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.
2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.
3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.
4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.
5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.

**Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas.
2. Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.
3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.
4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.
5. Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.
6. Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia.

**Bloque 4. Música e tecnoloxías**

1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.
2. Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

**9.2. Sistema de cualificación**

Por acordo dos membros do Departamento de Música, vaise seguir o seguinte porcentaxe na valoración dos contidos (na cualificación de cada avaliación e así mesmo na avaliación final):

CONCEPTUAIS 60 %	PROCEDIMENTAIS 30 %	ACTITUDINAIS 10 %
---------------------	------------------------	----------------------

--	--	--

### 9.3 Sistema de avaliación

(O valor relativo asignado a cada contido é o sinalado na taboa do punto 5.4).

Valoraranse os conceptos, os procedimentos e as actitudes seguintes:

O interés e a participación demostrada por o alumno na clase

Exames e probas orales e escritas

Realizar e entregar no prazo establecido as actividades e os diversos traballos asignadas os alumnos

Amosar unha actitude de respecto hacia os compañeiros e hacia o profesor, contribuíndo a crear un ambiente na clase que favorezca o proceso do ensino e do aprendizaxe

Respectar o material e os instrumentos musicais da aula

Traer o material necesario para traballar a diario na aula (cuaderno, libro de texto, bolígrafo, etc.)

### 9.4 Criterios de corrección

Para determinar a puntuación acadada en cada apartado das probas/accións avaliativas basearémonos nos seguintes criterios de corrección:

CONCEPTUAIS 60 %	PROCEDIMENTAIS 30 %	ACTITUDINAIS 10 %
-Un examen que puntúa un máximo de 6 puntos na avaliación.	- 3 Probas que contan cada unha un punto.  (Serán probas de ritmo, de percusión corporal, probas con instrumentos ou ca voz)	-Mostrar coidado hacia o material da clase -Respecto os compañeiros e ó profesor -Asistencia a clase e puntualidade -Actitude correcta durante as audicións e demais actividades de aula -Entregar as actividades

		<p>e traballos no prazo establecido.</p> <p>O non cumprimento de algún destes aspectos suporá unha nota de 0 nos contidos actitudinais</p>
--	--	--

## 9.5 Sistema de recuperación das partes suspensas

- Ó ser unha avaliación continua para os contidos **procedimentais e actitudinais**, as partes suspensas de cada avaliación recuperarase aprobando a avaliación seguinte.
- Nos contidos **conceptuais**, non se aplica a avaliación continua, polo que si se suspende algún examen haberá que recuperalo en suficiencia.
- Os alumnos terán que acadar un mínimo dun 3 nos contidos conceptuais en cada avaliación para facer media cos demais contidos e poder así aprobar a avaliación.
- Os alumnos que non superen a área en xuño, terán:
  - Proba en setembro: terán que entregar un par de traballos valorándose cun 10% cada un, conforme os criterios de corrección xa nombrados; traer un caderno de actividades obligatorio valorándoo cun 30%, si non o trae feito non poderá presentarse ó exame e quedará suspenso (o caderno daráselle en xuño), e facer un exame escrito da parte de teoría, valorándoo cun 50% (con dez preguntas, dándosele un valor de 5% cada unha). Non haberá proba práctica en esta convocatoria

## 4º ESO - LOMCE

### 9.1. Criterios de avaliación - LOMCE

#### Bloque 1. Interpretación e creación

1. Ensañar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.

2. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc.
3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.
4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais.

### **Bloque 2. escoita**

1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas.
2. Expor de xeito crítico a opinión persoal respecto de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc.
3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais.
4. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias.
5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado.
6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.

### **Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conserva-la e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.
2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.
3. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras manifestacións artísticas.
4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.

### **Bloque 4. Música e tecnoloxías**

1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical.
2. Aplicar as técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
3. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos.

4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas.
5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilízalas con autonomía.

## 9.2. Sistema de cualificación

Por acordo dos membros do Departamento de Música, vaise seguir o seguinte porcentaxe na valoración dos contidos (na cualificación de cada avaliación e así mesmo na avaliación final):

CONCEPTUAIS 60 %	PROCEDIMENTAIS 30 %	ACTITUDINAIS 10 %
---------------------	------------------------	----------------------

## 9.3 Sistema de avaliación

(O valor relativo asignado a cada contido é o sinalado na taboa do punto 5.4).

Valoraranse os conceptos, os procedimentos e as actitudes seguintes:

O interés e a participación demostrada por o alumno na clase

Exames e probas orales e escritas

Realizar e entregar no prazo establecido as actividades e os diversos traballos asignadas os alumnos

Amosar unha actitude de respecto hacia os compañeiros e hacia o profesor, contribuíndo a crear un ambiente na clase que favorezca o proceso do ensino e do aprendizaxe

Respectar o material e os instrumentos musicais da aula

Traer o material necesario para traballar a diario na aula (cuaderno, libro de texto, bolígrafo, etc.)

## 9.4 Criterios de corrección

Para determinar a puntuación acadada en cada apartado das probas/accións avaliativas basearémonos nos seguintes criterios de corrección:

CONCEPTUAIS 60 %	PROCEDIMENTAIS 30 %	ACTITUDINAIS 10 %
---------------------	------------------------	----------------------



<p>-Un examen que puntuará un máximo de 6 puntos na avaliación</p>	<p>- 3 Probas (4 en PDC) que contan cada unha un punto.  (Serán probas de ritmo, de percusión corporal, probas con instrumentos ou ca voz)</p>	<p>-Mostrar coidado hacia o material da clase -Respecto os compañeiros e ó profesor -Asistencia a clase e puntualidade -Actitude correcta durante as audicións e demais actividades de aula -Entregar as actividades e traballos no prazo establecido.  O non cumprimento de algún destes aspectos suporá unha nota de 0 nos contidos actitudinais</p>
--	--	--

### 9.5 Sistema de recuperación das partes suspensas

- Ó ser unha avaliación continua para os contidos **procedimentais e actitudinais**, as partes suspensas de cada avaliación recuperarase aprobando a avaliación seguinte.
- Nos contidos **conceptuais**, non se aplica a avaliación continua, polo que si se suspende algún examen haberá que recuperalo en suficiencia.
- Os alumnos terán que acadar un mínimo dun 2 nos contidos conceptuais en cada avaliación para facer media cos demais contidos e poder así aprobar a avaliación.
- Os alumnos que non superen a área en xuño, terán:
  - Proba en setembro: terán que entregar un par de traballos valorándose cun 10% cada un, conforme os criterios de corrección xa nombrados; traer un caderno de actividades obligatorio valorándoo cun 30%, si non o

trae feito non poderá presentarse ó exame e quedará suspenso (o caderno daráselles en xuño), e facer un exame escrito da parte de teoría, valorándoo cun 50% (con dez preguntas, dándoselle un valor de 5% cada unha). Non haberá proba práctica en esta convocatoria

- Si suspende en setembro poderá recuperar para o ano seguinte según se estipule na programación do seguinte ano.

## **1º BACH LOMCE**

### **9.1. Criterios de avaliación - LOMCE**

#### **Bloque 1. Destrezas musicais**

1. Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con acompañamento.
2. Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas.
3. Identificar e executar instrumentalmente ou vocalmente estruturas e patróns rítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido.

#### **Bloque 2. A audición comprensiva**

1. Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para manter durante breves períodos de silencio.
2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas

#### **Bloque 3. A teoría musical**

1. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.
2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical.

#### **Bloque 4. A creación e a interpretación**

1. Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como conxunta.

2. Improvisar, individualmente ou colectivamente, breves melodías tonais ou modais, pequenas formas musicais partindo de premisas relativas a diferentes aspectos da linguaxe musical.
3. Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado, valorando as achegas do grupo e desenvolvendo o espírito crítico.
4. Improvisar ou compor e interpretar unha breve obra musical para unha melodía dada, que necesite a participación de varios executantes e incorporar movemento coreográfico, utilizando os coñecementos musicais adquiridos.
5. Saber comportarse como espectador/a e intérprete, e controlar o medo escénico nas actuacións.

### **Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son**

1. Realizar traballos e exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías.
2. Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación de son.

#### 9.2. Sistema de calificación

Por acordo dos membros do Departamento de Música, vaise seguir o seguinte porcentaxe na valoración dos contidos (na cualificación de cada avaliación e así mesmo na avaliación final):

CONCEPTUAIS 70 %	PROCEDIMENTAIS 20 %	ACTITUDINAIS 10 %
---------------------	------------------------	----------------------

#### 9.3. Sistema de avaliación

(O valor relativo asignado a cada contido é o sinalado na taboa do punto 9.4).

Valoraranse os conceptos, os procedimentos e as seguintes actitudes:

O interés e a participación demostrada por o alumno na clase

Exames e probas orales e escritas

Realizar e entregar no prazo establecido as actividades e os diversos traballos asignadas os alumnos

Amosar unha actitude de respecto hacia os compañeiros e hacia o profesor, contribuíndo a crear un ambiente na clase que favorezca o proceso do ensino e do aprendizaxe

Respectar o material e os instrumentos musicais da aula

Traer o material necesario para traballar a diario na aula (cuaderno, libro de texto, bolígrafo, etc.)

#### 9.4. Criterios de corrección

Para determinar a puntuación acadada en cada apartado das probas/accións avaliativas basearémonos nos seguintes criterios de corrección:

CONCEPTUAIS 70 %	PROCEDIMENTAIS 20 %	ACTITUDINAIS 10 %
-Un examen que puntúa un máximo de 5 puntos na avaliación	- 2 Probas que contan cada unha dous puntos.  (Serán probas de ritmo, de percusión corporal, probas con instrumentos ou ca voz)	-Mostrar coidado hacia o material da clase -Respecto os compañeiros e ó profesor -Asistencia a clase e puntualidade -Actitude correcta durante as audicións e demais actividades na aula -Entregar as actividades e traballos no prazo establecido.  O non cumprimento de algún destes aspectos suporá un 0 nos contidos actitudinais

#### 9.5. Sistema de recuperación das partes suspensas

- Ó ser unha avaliación continua para os contidos **procedimentais e actitudinais**, as partes suspensas de cada avaliación recuperarase aprobando a avaliación seguinte.
- Nos contidos **conceptuais**, non se aplica a avaliación continua, polo que si se suspende algún examen haberá que recuperalo en suficiencia.

- Os alumnos terán que acadar un mínimo dun 3 nos contidos conceptuais en cada avaliación para facer media cos demais contidos e poder así aprobar a avaliación.
- Os alumnos que non superen a área en xuño, terán:
  - Proba en setembro: consistirá en facer un exame escrito da parte de teoría dos apuntes traballados na clase durante o curso. Non haberá proba práctica en esta convocatoria
  - Si suspende en setembro poderá recuperar para o ano seguinte según se estipule na programación do seguinte ano.

## **2º BACH e 2º BACH ADULTOS - LOMCE**

### **9.1. Criterios de avaliación - LOMCE**

#### **Bloque 1. Percepción, análise e documentación**

1. Expresar xuízos persoais mediante unha análise estética ou un comentario crítico a partir da audición ou a visión e a análise dunha obra determinada, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, utilizando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.
2. Situar cronoloxicamente unha obra, tras a súa escoita ou a súa visión e análise, ou comparar obras de similares características, representativas dos estilos ou as escolas principais, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas.
3. Identificar as circunstancias culturais ou sociolóxicas que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das épocas, os estilos ou os/as autores/as máis representativos/as da historia da música e da danza.
4. Analizar textos relativos á música ou á danza.
5. Explicar, a partir dun exemplo proposto, a través dunha análise ou dun comentario, a utilización da música e da danza como soporte dun texto literario ou como medio de intensificación dramática en óperas, ballet, cine ou teatro.
6. Elaborar traballos de investigación, individuais ou en grupo, sobre algún aspecto determinado e relativo á música, a danza, a literatura ou a estética da arte de calquera época.

#### **Bloque 2. A música e a danza da Antigüidade á Idade Media**

1. Identificar, a través da audición ou da visión, obras da Idade Antiga e medievais, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa

pertenza a este período histórico.

2. Relacionar a historia da música e da danza na Idade Antiga e na Idade Media, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.

### **Bloque 3. O Renacemento**

1. Identificar obras do renacemento, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.

2. Relacionar a historia da música e da danza do Renacemento, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.

### **Bloque 4. O Barroco**

1. Identificar obras do barroco, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.

2. Relacionar a historia da música e da danza do barroco, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.

### **Bloque 5. O Clasicismo**

1. Identificar obras do clasicismo, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.

2. Relacionar a historia da música e da danza do Clasicismo, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.

### **Bloque 6. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo**

1. Identificar obras do Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.

2.. Relacionar a historia da música e da danza no Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.

### **Bloque 7. Primeiras tendencias modernas**

1. Identificar obras do Impresionismo, o Expresionismo e outros movementos da primeira metade do século XX, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.

2. Relacionar a historia da música e da danza da primeira metade do século XX, así como os seus movementos artísticos e as obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.

### **Bloque 8. Música e Danza na segunda metade do século XX.**

1. Identificar obras pertencentes aos movementos estilísticos da segunda metade do século XX, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando o seu pertenza a este período histórico.

2. Relacionar a historia da música e da danza da segunda metade do século XX, así como os seus movementos artísticos e as obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.

### **Bloque 9. A música tradicional no mundo.**

1. Identificar obras da música tradicional, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, distinguindo estilos, estéticas e usos.

#### 9.2. Sistema de calificación

Por acordo dos membros do Departamento de Música, vaise seguir o seguinte porcentaxe na valoración dos contidos (na cualificación de cada avaliación e así mesmo na avaliación final):

CONCEPTUAIS 70 %	PROCEDIMENTAIS 20 %	ACTITUDINAIS 10 %
---------------------	------------------------	----------------------

#### 9.3. Sistema de avaliación

(O valor relativo asignado a cada contido é o sinalado na taboa do punto 9.4).

Valoraranse os conceptos, os procedimentos e as seguintes actitudes:

O interés e a participación demostrada por o alumno na clase  
Exames e probas orales e escritas

Realizar e entregar no prazo establecido as actividades e os diversos traballos asignadas os alumnos

Amosar unha actitude de respecto hacia os compañeiros e hacia o profesor, contribuíndo a crear un ambiente na clase que favorezca o proceso do ensino e do aprendizaxe

Respectar o material e os instrumentos musicais da aula

Traer o material necesario para traballar a diario na aula (cuaderno, libro de texto, bolígrafo, etc.)

#### 9.4. Criterios de corrección

Para determinar a puntuación acadada en cada apartado das probas/accións avaliativas basearémonos nos seguintes criterios de corrección:

CONCEPTUAIS 70 %	PROCEDIMENTAIS 20 %	ACTITUDINAIS 10 %
-Un examen que puntúa un máximo de 7 puntos na avaliación	- 2 Probas que contan cada unha un punto.  (Serán probas de ritmo, de percusión corporal, probas con instrumentos ou ca voz)	-Mostrar coidado hacia o material da clase -Respecto os compañeiros e o profesor -Asistencia a clase e puntualidade -Actitude correcta durante as audicións e demais actividades na aula -Entregar as actividades e traballos no prazo establecido.  O non cumprimento de algún destes aspectos suporá un 0 nos contidos actitudinais

#### 9.5. Sistema de recuperación das partes suspensas



- Ó ser unha avaliación continua para os contidos **procedimentais e actitudinais**, as partes suspensas de cada avaliación recuperarase aprobando a avaliación seguinte.
- Nos contidos **conceptuais**, non se aplica a avaliación continua, polo que si se suspende algún examen haberá que recuperalo en suficiencia.
- Os alumnos terán que acadar un mínimo dun 3 nos contidos conceptuais en cada avaliación para facer media cos demais contidos e poder así aprobar a avaliación.
- Os alumnos que non superen a área en xuño, terán:
  - Proba en setembro: consistirá en facer un exame escrito da parte de teoría dos apuntes traballados na clase durante o curso. Non haberá proba práctica en esta convocatoria
  - Si suspende en setembro poderá recuperar para o ano seguinte según se estipule na programación do seguinte ano.

## 10. ESTANDARES DE APRENDIZAXE-LOMCE

### 2º ESO - LOMCE

#### Bloque 1. Interpretación e creación.

1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.
2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.
3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.
4. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
5. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

6. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.
7. Amona interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
8. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
9. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
10. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.
11. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
12. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
13. Amona unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
14. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
15. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
16. Amona apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.
17. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

18. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.

### **Bloque 2. escoita**

1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.
2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións music
3. Sigue partituras como apoio á audición
4. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
5. Describe os elementos das obras musicais propostas.
6. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.
7. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.
8. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.
9. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.

### **Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.
2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.
3. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.
4. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego
5. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
6. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.

7. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.
8. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepción e coñecementos musicais
9. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
10. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.
11. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

#### **Bloque 4. Música e tecnoloxías**

1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.
2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.
3. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

### **3º ESO - LOMCE**

#### **Bloque 1. Interpretación e creación**

1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
2. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.
3. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.
4. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

5. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
6. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
7. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.
8. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
9. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
10. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
11. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
12. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
13. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.
14. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
15. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
16. Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.

17. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.

### **Bloque 2. escoita**

1. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.
2. Le e analiza partituras como apoio á audición.
3. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
4. Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.
5. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.
6. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.
7. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.
8. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

### **Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.
2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.
3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.
4. Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición
5. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.

6. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.
7. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.
8. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.
9. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
10. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.
11. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

#### **Bloque 4. Música e tecnoloxías**

1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.
2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.
3. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

### **4º ESO - LOMCE**

#### **Bloque 1. Interpretación e creación**

1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.
2. Le partituras como apoio á interpretación.
3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.
4. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.

5. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.
6. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.
7. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.

## **Bloque 2. escoita**

1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.
2. Le e analiza partituras como apoio á audición.
3. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
4. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.
5. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada.
6. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.
7. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.
8. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.
9. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.

## **Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.
2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.
3. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.



4. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.
5. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.
6. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.
7. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.

#### **Bloque 4. Música e tecnoloxías**

1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.
2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.
3. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.
4. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.
5. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.
6. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.
7. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.
8. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.
9. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.

### **1ºBACH - LOMCE**

#### **Bloque 1. Destrezas musicais**

1. Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador.
2. Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal.
3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.
4. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.
5. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.
6. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.
7. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.

## **Bloque 2. A audición comprensiva**

1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.
2. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas
3. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición.
4. Escoita obras musicais seguindo a partitura.
5. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea.
6. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada.

**Bloque 3. A teoría musical**

1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.
2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.
3. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.
4. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.
5. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.

**Bloque 4. A creación e a interpretación**

1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvísas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.
2. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical.
3. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.
4. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros.
5. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.
6. Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación.
7. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.
8. Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos.
9. Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra.
10. Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.

11. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico.

### **Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son**

1. Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.
2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.

## **2ºBACH, 2º BACH ADULTOS - LOMCE**

### **Bloque 1. Percepción, análise e documentación**

1. Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela.
2. Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza.
3. Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios.
4. Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza.
5. Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras.
6. Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico.
7. Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia.
8. Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación.
9. Comprende e describe o proceso creativo de músicos/as e coreógrafos/as.
10. Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.
11. Elabora una análise de texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde.
12. Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.
13. Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta.
14. Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas.

15. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación.
16. Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo.
17. Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes.
18. Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, a repartición do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.
19. Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas.
20. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos.

### **Bloque 2. A música e a danza da Antigüidade á Idade Media**

1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.
2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período
3. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.

### **Bloque 3. O Renacemento**

1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.
2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.
3. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.

### **Bloque 4. O Barroco**

1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.
2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.
3. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e estable xuízos críticos.

**Bloque 5. O Clasicismo**

1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.
2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.
3. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.

**Bloque 6. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo**

1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.
2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.
3. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.

**Bloque 7. Primeiras tendencias modernas**

1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.
2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.
3. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.

**Bloque 8. Música e Danza na segunda metade do século XX.**

1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.
2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.
3. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.

**Bloque 9. A música tradicional no mundo.**

1. Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos.

## 11. PROCEDIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL (NA ESO)

- Recoller información dos titores e do Dpto de Orientación dos alumnos
- Ver que alumnos recibiron reforzo e outras medidas de adaptación no curso anterior
- A observación de comportamentos.
- Cuestionarios orais e escritos para ver a situación inicial na que se encontran os alumnos.
- Entrevistas.

## 12. METODOLOXÍA

A metodoloxía a seguir é activa, participativa, lúdica i experimental. Seguiremos o libro de texto. Realizaranse actividades moi diversas, debates, diálogos, audicións, práctica instrumental e vocal, tormento de ideas, comentarios de textos, manexo de internet... en definitiva, diferentes estratexias metodolóxicas para ensinar unha mesma cousa: de esta maneira estamos atendendo á diversidade do grupo.

Traballarase en equipo cando a actividade o requira para fomentar o compañerismo

Aproveitaremos a gran capacidade socializadora da música e que favorece a desinhibición e potenciarase a colaboración

Calquera actividade rítmica vaise iniciar ca percusión corporal

Para a linguaxe musical primeiro trabállase a práctica, e despois a teoría.

Intentarase desintelectualizar a música

Abordarase as dúas facetas do proceso de educación musical: a receptiva (oir música), e a creativa (facer música)

O profesorado adoptará unha actitude xovial e motivará e estimulará ó alumnado

Na metodoloxía seguida nesta programación, traballase fundamentalmente cos contidos procedimentais, sendo os mais empregados: a escritura e lectura musical, a audición activa, comentario de partituras e textos musicolóxicos, a improvisación melódica e rítmica, a expresión oral e o uso de medios instrumentais e audiovisuais

Favorecerase tamén a interdisciplinabilidade, realizando actividades na aula de informática (por exemplo para consultar algún libreto de ópera) e colaborando cos Seminarios de Inglés (traducción de algún texto), Lingua Castelán e Literatura (lectura do capítulo XXVI 2ª parte do Quixote no que se inspirou Falla para crear *O retablo de Maese Pedro*, Relixión (analizar a figura do Mesías e

outros persoaxes bíblicos en *El Mesías* de Haendel) Ciencias Naturais (anatomía e fisioloxía do oído e da voz) e Ciencias Sociais (viaxes de Mozart por as principais cidades centroeuropeas) por poñer algún exemplo.

Dase prioridade a: creación propia do alumno, o traballo da voz como instrumento musical, o corpo como instrumento de percusión (cos 4 niveis: pes, rodillas, mans e dedos), tomar conciencia do seu propio corpo, afirmar a súa personalidade e a mellorar a adaptación social.

Tanto en 1º como en 2º de BACH a metodoloxía sigue os mesmos principios incidindo no impulso da autonomía persoal. Os contidos conceptuais cobran maior presenza que os procedimentais.

### 13. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

As características peculiares da área de Música, o tipo de traballo e actividades musicais para realizar tanto individualmente como en grupo, permiten o reparto por niveis, segundo as aptitudes e a gradación dos coñecementos de cada alumno en particular. Así, partindo da primeira avaliación diagnóstica e da coavaliación do alumno, axudará a construír as aprendizaxes de xeito individualizado, pero motivando ao alumnado nas súas tarefas e traballando a prol da integración de todos os rapaces e rapazas. Deste xeito, para garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas, se sinalan as seguintes estratexias:

- Para alumnos con dificultades de aprendizaxe:
  - Establecer mecanismos de reforzo a nivel organizativo e curricular.
  - Realizar adaptacións curriculares que potencien o desenvolvemento das competencias básicas.
  - Modificar os obxectivos e criterios de avaliación en función das devanditas adaptacións curriculares.
- Para alumnos con altas capacidades intelectuais:
  - Flexibilizar a duración das etapas educativas.
  - Facilitar actividades de ampliación.

### 14. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES

Tratándose dunha área en gran medida procedimental, e tendo en conta que nos contidos actitudinais é fundamental a educación en valores, os temas transversais encóntranse insertos nas unidades didácticas.

Nesta programación didáctica abordaranse os seguintes temas transversais:



**Educación Ambiental**

O coñecemento do entorno e a súa implicación nel a través das manifestacións musicais.

A potenciación das relacións humanas, o respecto mutuo, tanto das persoas como das producións sonoras.

O estudio da contaminación sonora por parte do propio alumnado, e a atención ó silencio como marco imprescindible na execución instrumental.

A construción de instrumentos musicais con materiais reciclables facilita un acercamento e respecto polo medio ambiente.

**Educación para a saúde**

Propóñense actividades para o desenvolvemento da coordinación corporal como elemento do equilibrio mental, ou unha práctica da música, tanto vocal como instrumental, que procure o bienestar personal a moitos niveis.

O corpo debe ser entendido como algo que hai que coidar e respetar. Na área de Música trátase este tema de maneira especial a través da educación psicomotriz co ritmo e a danza, o coidado do aparato fonador coa educación da voz, o oído e o control da respiración.

O alumnado ten que ser consciente de que un exceso de ruído pode ocasionar perda de audición, e incluso sordera.

**Educación para a paz**

En canto á educación para a paz, mediante o coñecemento e o traballo de diferentes músicas de distintas culturas e pobos, a través dos instrumentos, as danzas ou as cancións, poténciase a solidariedade e a igualdade entre os seres humanos e despertase o interese por outros lugares e persoas.

Trátase nos contados actitudeis de maneira insistente o respecto ás persoas e ó grupo, e a convivencia nas actividades.

Inténtase a comprensión de outras culturas a través das audicións, a práctica instrumental e a práctica vocal

**Educación para a igualdade de ambos sexos.**

Este tema lévase a cabo todos os días na clase de música, conseguindo establecer roles semellantes en todas as actividades tanto creativas, instrumentais ou corporais, etc. Procurase unha igualdade no reparto de tarefas e responsabilidades. As habilidades e destrezas non se condicionan nunca polo sexo.

**Educación para o consumidor**

Procurase ampliar as preferencias musicais dos alumnos, para que escolten músicas que non aceptan habitualmente.

Evitar o consumo excesivo, desenrolar unha capacidade crítica, e ter un criterio propio para valorar a música son tamén obxectivos a acadar nesta programación

**Educación moral e cívica**

É necesaria para facer unha sociedade mais xusta e solidaria. A educación non consiste só en adquirir coñecementos, sinon en facer persoas completas, o cal se logra a través do desenrolo de todo tipo de capacidades, a través dos procedementos e actitudes.

O grupo é unha fonte de conflitos por iso se debe insistir no respecto hacia as actuacións dos demais, as opinións, pensamentos, etc.

### **Educación vial**

Si se educa na convivencia e no respecto, conseguirase que as normas de tráfico non sexan transgredidas.

A conciencia sobre a contaminación acústica axuda a evitar os ruidos innecesarios no tráfico.

## **15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR**

Dende a materia de Música contribuímos ó Plan Lector do Centro ca mesma lectura dos apuntes na clase, empregando internet, e fomentando a lectura na propia casa a través de tarefas que se lles esixen os alumnos.

## **16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓNS AO PLAN TIC**

Entre outras TICs incluímos o acceso a Internet dende a materia de Música, o uso e manexo da Pizarra Electrónica (en outras aulas) así como o achegamento a programas de edición do sonido (Sibelius, Finale, Band in a Box) e outras actividades TICs que propoñen os libros de texto. Incídese na búsqueda de información en Internet de cara a acadar a autonomía dos alumnos.

## **17. MATERIAS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO**

Lámina de instrumentos da orquestra, CD cos timbres dos instrumentos, diapasón, metrónomo, mapa Físico de Europa, lámina do aparato fonador e do oído, DVDs dos instrumentos musicais, DVDs, libreto da Fruta Mágica, audicións varias para acompañar as distintas unidades didácticas, musicogramas acompañando a algunhas audicións, apuntes confeccionados polo profesor, partituras, instrumentos ORFF, pizarra electrónica, libreta normal e libreta pautada.

Pizarra normal e pautada e tamén a electrónica. Internet. Programas informáticos de edición de partituras, etc.

Imos empregar os recursos Abalar da páxina oficial da xunta

Libros de texto empregados:

- 2º da ESO. Sen libro de texto
- 3º da ESO. Sen libro de texto
- 4º da ESO. Apuntes facilitados polo profesor

- 1º e 2º BACH. Apuntes facilitados polos profesores

### 18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

DEPARTAMENTO	ACTIVIDADES	DATAS APROX.	GRUPOS
MÚSICA	2 CONCERTOS NO AUDITORIO DE GALICIA SANTIAGO	15 FEBREIRO E 4 DE ABRIL	ESO
MÚSICA-HISTORIA	VIAXE A PORTUGAL-RUTA DO FADO	2º TRIMESTRE	3º ESO
MÚSICA	CONCERTO NO AUDITORIO DE RIBEIRA	3º TRIMESTRE	2º ESO
MÚSICA	MADRID-VALENCIA	POR CONFIRMAR	2º ESO
MÚSICA	VISITA A UN ESTUDIO DE GRABACIÓN DO SON	CALQUER TRIMESTRE	POR CONFIRMAR
MÚSICA	VISITA INSTRUMENTOS MUSICAIS PÉTREOS NA CATEDRAL SE SANTIAGO	1º e 2º trimestre	Os días dos concertos no Auditorio de Galicia

### 19. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

- A programación está sendo constantemente sometida a revisións.
- Dentro desta revisión está a Autoavaliación por parte dos membros do Departamento e tamén a avaliación por parte do alumnado referida ás distintas unidades didácticas que nos vai ofrecendo información referida ó interese e funcionamento da mesma.
- A mesma revisión téñese en conta ca temporalización, axustando en todo momento a programación as clases previstas xa dende o principio do curso.
- Na memoria do departamento inclúese aquelas correccións importantes para o melloramento da programación.
- Os profesores de Música poden pasar ós alumnos unhas enquisas escritas sobre aspectos da programación respondendo a diversas

valoracións que axudan ó profesor a millorar as programacións (metodoloxía, interese polos contidos, temporalización, etc.).

- Falar todos estes aspectos na clase cos alumnos
- Enquisas sobre as Actividades Complementarias

## 20. PLAN DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES

### ESO

O departamento de Música facerá un seguimento de aqueles alumnos con pendentes. Xa a principio de curso se vai por en contacto cos alumnos interesados para facilitarlles o material necesario para recuperar a materia.

**MATERIAL QUE HAI QUE ENTREGAR:** facer un cuaderno de actividades do libro de texto que o departamento lle facilita o alumno, facer dous traballos e presentarse a un examen.

**AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES.** O Cuaderno conta 3 puntos e os traballos un punto cada un (é imprescindible entregar o caderno e os traballos para poder presentarse o examen). O examen conta un máximo de 5 puntos sobre 10. Hai que acadar unha puntuación mínima dun tres no examen para facer media co caderno e os dous traballos.

**DATAS:** entregar o cuaderno de actividades e os traballos antes do 31 de xaneiro. O exame farase en febreiro.

### BACH

Non hai alumnos de 1º e de 2º de BACH con Música pendente de ningún curso.

## 21. MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.

Na memoria do curso anterior recóllense aquelas modificación da programación, referidas os criterios de avaliación, contidos, contidos mínimos exixibles, temporalización, metodoloxía, materiais e recursos didácticos adquiridos no curso académico, actividades complementarias, e calquer proposta de mellora e acción correctiva derivada do curso anterior.

Esta programación didáctica modifica e completa os demais puntos que forman parte da programación do 2015/2016.

## 22. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN O ALUMNADO

Os primeiros días do curso académico os alumnos matriculados no departamento de Música foron debidamente informados dos obxectivos, contidos, contidos mínimos exixibles, criterios de avaliación (facendo incidencia nos diferentes **tipos de contidos** e as súas porcentaxes na nota da avaliación), así como da importancia de manter os principios de **educación e respecto** hacia os compañeiros, o profesor e os materiais da aula.

Xa houbo un primer contacto cos alumnos que teñen a Música pendente de cursos pasados.

En Ribeira, a 7 de outubro de 2016

Juan Ramón Gago Olveira, Xefe do Departamento de Música